

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE (ACIS) E A FUNDACIÓN BIOMÉDICA GALICIA SUR (FBGS) PARA A POSTA EN MARCHA DO TERCEIRO PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO PRECOMERCIAL DOS RESULTADOS DA INVESTIGACIÓN DO SISTEMA PÚBLICO DE SAÚDE DE GALICIA (PRIS3)


Santiago de Compostela, a 02 de setembro de 2019

REUNIDOS

Dunha parte, Don Jesús Vázquez Almuiña, en representación da Consellería de Sanidade, do Servizo Galego de Saúde e da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (en adiente, ACIS), actuando no ejercicio das competencias que ten atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, modificada polas Leis 11/1988, do 20 de outubro; 7/2002, do 27 de decembro; 2/2007, do 28 de marzo e 12/2007, do 27 de xullo e nos Decretos 41/2013 e 43/2013, do 21 de febreiro, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde respectivamente, e no Decreto 112/2015, do 31 de xullo, polo que se crea a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde e se aproban os seus estatutos.

E doutra, D. Julio García Comesaña, en calidade de presidente do Padroado da Fundación Biomédica Galicia Sur, en virtude do seu nomeamento polo Conselleiro de Sanidade, en data 5 de xullo de 2019, como presidente do Padroado da Fundación Biomédica do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, fundación inscrita co nº35 no Rregistro de Fundacións da Xunta de Galicia, sección da Consellería de Sanidade.

Interveñen, en función dos seus respectivos cargos e no ejercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas e,



EXPOÑEN

PRIMEIRO


I.- Que a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde incorporan como un dos elementos fundamentais da súa actividade a investigación e innovación biosanitaria.

II.- Que a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde establecen como unha das súas liñas estratéxicas a promoción da investigación, innovación e transferencia dos resultados xerados nos centros de investigación e innovación sanitaria, tales como hospitais, centros de saúde e unidades de xestión e administración, co fin de potenciar un modelo de investigación orientado cara á innovación, que configure ao sector sanitario e actúe como motor de crecemento económico.

III.- Que ACIS, creada polo Decreto 112/2015, adscrita á Consellería de Sanidade a través do Servizo Galego de Saúde e encadrada nas entidades públicas instrumentais reguladas no Título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, ten entre os seus obxectivos estratéxicos a creación e desenvolvemento de mecanismos e instrumentos que faciliten a innovación mediante a consolidación de estruturas horizontais de apoio aos axentes involucrados na I+D+i sanitaria e a promoción da cooperación entre os sectores público e privado, de xeito que as actividades científicas xeren resultados de valor engadido que poidan ser transferidos ao sector produtivo e, por tanto, á sociedade no seu conxunto.

SEGUNDO

I.- Que a Lei 1/2018, do 2 de abril, pola que se modifica a Lei 8/2008, de 10 de xullo, de saúde de Galicia, establece no artigo 131 que a Administración sanitaria promoverá a investigación biosanitaria, especialmente na súa vertente traslacional, como un instrumento para a mellora da saúde da poboación tendo en conta as prioridades marcadas nos plan de investigación e innovación vixentes en cada momento. Tódolos centros e servizos sanitarios estarán en disposición de favorecer e desenvolver a investigación, e promoverán a cultura científica, tecnolóxica e de innovación. A Administración sanitaria tamén promoverá a valorización, a protección e a transferencia do amplo coñecemento xerado polo seu persoal e/ou nos seus



centros co obxecto de que os resultados da investigación sexan transferidos á sociedade, así como un modelo de innovación aberta orientado a impulsar a creatividade, a cooperación e a aplicación no sistema sanitario dos cambios que acheguen valor a pacientes e profesionais.



II.- Que, en particular, é un elemento chave para a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde promover a valorización dos resultados da investigación, como elemento dinamizador económico de Galicia, mediante a promoción da transferencia de resultados, a creación de *spin-offs* biosanitarias, o desenvolvemento de patentes e demais accións emprendedoras, constituíndo un dos obxectivos da “Estratexia Servizo Galego de Saúde 2020”, tal como se recolle no Decreto 141/2018, do 25 de outubro, polo que se regula a protección, valorización e transferencia dos resultados de investigación, desenvolvemento e innovación no ámbito do Sistema público de saúde de Galicia.

TERCEIRO

Que a FBGS é unha fundación de interese galego en conformidade coa Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego con personalidade xurídica propia e sen ánimo de lucro, modificada pola Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico; e réxese ademais polo Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de fundacións de interese galego e polo Decreto 15/2009, de 21 de xaneiro polo que se aproba o regulamento do Rregistro de fundacións de interese galego; e que ten por obxecto xestionar programas e proxectos de investigación científica relacionadas coa medicina e ciencias afins, así como promover, desenvolver e prestar servizos de docencia e formación en investigación, para contribuír á promoción e protección da saúde da poboación e ao progreso e mellora do Servizo Galego de Saúde.

CUARTO

Que a Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, estableceu un novo marco para o fomento da investigación científica e técnica e os seus instrumentos de coordinación xeral, co fin de contribuír á xeración, difusión e transferencia do coñecemento para resolver os problemas esenciais da sociedade. Especialmente salientable resulta o seu artigo 35, que dispón que “as Administracións públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, fomentarán a valorización, a promoción e a transferencia do coñecemento co obxecto de que os resultados da



investigación sexan transferidos á sociedade”.


Que a Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación de Galicia, no seu artigo 1, formula como obxecto establecer o marco para o fomento da investigación e do desenvolvemento tecnolóxico, de transferencia e valorización de resultados e de innovación en Galicia en todas as súas vertentes, así como da súa xestión eficiente.

Que a Lei 1/2018, do 2 de abril, pola que se modifica a Lei 8/2008, de 10 de xullo, de saúde de Galicia, establece no artigo 131 que a Administración sanitaria promoverá a investigación biosanitaria, especialmente na súa vertente traslacional, como un instrumento para a mellora da saúde da poboación tendo en conta as prioridades marcadas nos plan de investigación e innovación vixentes en cada momento.

O feito de que a investigación nas institucións científicas se concentre, en xeral, en etapas moi iniciais e, polo tanto, de risco elevado dentro da cadea de valor, fai que a maior parte das invencións derivadas teñan unha utilidade comercial incerta, xa que non se atopan nun grao de desenvolvemento suficiente para atraer investimentos ou posibles licenciatarios.

Para dar resposta a necesidade de fomentar os resultados de investigación mediante a súa valorización, ponse en marcha este Programa de Desenvolvemento Precomercial dos Resultados da Investigación do Sistema Público de Saúde de Galicia (PRIS3) co fin de avanzar na cadea de valor, reducir o tempo de chegada ó mercado e incrementar o potencial comercial das tecnoloxías xeradas polos investigadores sanitarios de Galicia.

Segundo a filosofía das dúas primeiras edicións do Programa Desenvolvemento Precomercial dos Resultados de Investigación (PRIS e PRIS2), lanzados en Setembro de 2013 e Outubro de 2015 respectivamente, a Consellería de Sanidade o o Servizo Galego de Saúde lanza a terceira edición do programa (en adiante, Programa PRIS3), co obxectivo de valorizar os resultados de investigación dos profesionais que traballan no Sistema Público de Saúde de Galicia mediante o apoio dos proxectos de investigación más próximos ao mercado, o traslado dende o laboratorio ao mercado daquelas tecnoloxías propiedade do Servizo Galego de Saúde con maior potencial e o apoio aos traballos de desenvolvemento realizados entre os grupos de investigación do Servizo Galego de Saúde e as empresas tecnolóxicas, co obxectivo de contribuír á creación de empresas de base tecnolóxica en Galicia mediante o fomento da colaboración público-privada entre todos os axentes do Sistema Galego de I+D+i, a xeración de propiedade intelectual e industrial, a retención do talento investigador, o desenvolvemento de tecnoloxías en Galicia e o establecemento de



negociacións para acordos de licencias con outras entidades de grande tamaño.

En aplicación do Acordo de colaboración entre a Axencia Galega de Innovación e a Axencia de Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS) para a promoción de actividades de I+D+i no sector biosanitario asinado o 6 de febreiro de 2019, ACIS lanza este convenio de colaboración co obxecto de establecer as condicións xerais do programa PRIS, así como poñer en marcha, para o ano 2019, a terceira convocatoria de selección de proxectos de investigación sanitaria que favoreza a transferencia de coñecemento á sociedade .


Esta actuación está, pois, en consonancia coa apostada da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde pola promoción da investigación, innovación e transferencia dos resultados xerados nos centros de investigación e innovación sanitaria, como panca de cambio do sistema, a través de instrumentos de valorización que den o impulso necesario para levar os resultados da investigación á sociedade, con especial énfase na necesidade de promover a transferencia de coñecemento á práctica clínica (investigación translacional). Así mesmo, co esquema da Unión Europea reflectido no programa marco de investigación, desenvolvemento e innovación «Horizonte 2020» co fin de procurar, a medio e longo prazo, a obtención de retornos sociais.

O obxectivo deste convenio de colaboración e o de configurar un sistema competitivo de axentes de I+d+i de saúde en Galicia, premiar o esforzo realizado na xestión dos centros e optimizar o destino de recursos públicos en base a criterios obxectivos de excelencia.

QUINTO

Que a Consellería de Sanidade, a través da ACIS, e a FBGS consideran que o convenio de colaboración para o desenvolvemento do Programa PRIS3 é un instrumento eficaz de financiamento para a promoción da I+D+i de excelencia nas institucións sanitarias de Galicia. O Programa PRIS na súa terceira convocatoria ten como finalidade mellorar as oportunidades de explotación dos resultados da investigación xerados polos investigadores do Sistema Sanitario de Galicia e valorizar proxectos de investigación sanitaria con un alto potencial de transferencia de acordo o previsto no artigo 131 da Lei 1/2018, de 2 de abril, de Saúde de Galicia.

Dada a especificidade do obxecto do convenio de colaboración, non procede a realización dunha convocatoria pública para o desenvolvemento das actuacións do mesmo, debido as especiais características e singularidade da FBGS como centro de referencia no ámbito sanitario e en Ciencias da Saúde no seu ámbito territorial.



SEXTO

Por todo o anterior, a efectos do establecido nos artigos 19 e 26 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da citada Lei e no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as partes asinantes **ACORDAN** subscibir o seguinte convenio de colaboración para o desenvolvemento do Programa PRIS3.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.-OBXECTO

O obxecto do convenio de colaboración será a articulación dunha axuda de concesión directa para a realización de actuacións de valorización e transferencia respectos dos proxectos seleccionados no ámbito do Programa de Desenvolvemento Precomercial dos Resultados da Investigación do Sistema de Saúde de Galicia (PRIS3) xestionadas pola FBGS para o período 2019.

SEGUNDA.-ACTIVIDADES OBXECTO DO CONVENIO



A proposta terá como obxectivo acadar unha investigación de excelencia e a consolidación dos centros de coñecemento en saúdede Galicia, e basearse nas seguintes líñas e accións, definidas no anexo II:

- a) Liña de apoio a Valorización dos resultados da investigación sanitaria: proxectos de desenvolvemento precomercial baseados nuns resultados de investigación ou experiencias preliminares xa contrastados e que mostren potencial de transferencia.

- b) Liña de impulso a Transferencia dos resultados da investigación sanitaria: proxectos que requiran validación clínica e/ou tecnolóxica dunha tecnoloxía sanitaria desenvolvida. Para estes efectos, enténdese por tecnoloxía sanitaria o conxunto de dispositivos e procedementos médicos ou cirúrxicos usados na atención sanitaria, incluíndo aos seus sistemas organizativos e de soporte.

TERCEIRA.-CONDICIONES ECONÓMICAS

1. A ACIS financiará as actuacións para o ano 2019 con cargo á aplicación orzamentaria que



se indica no cadro seguinte, na cal existe crédito adecuado e suficiente:


| Aplicación orzamentaria | Código do proxecto | 2019 |
|-------------------------|--------------------|----------|
| 12.A1.561C.781.0 | 2016 00009 | 40.000 € |
| 12.A1.561C.781.0 | 2016 00004 | 20.000 € |

2. A distribución dos fondos entre as dúas líñas de actuación sinaladas é a seguinte:
- Liña de apoio a Valorización dos resultados da investigación sanitaria: máximo 40.000 euros.
O importe máximo financiado por cada proxecto será de 20.000 euros
 - Líña de impulso a Transferencia dos resultados da investigación sanitaria: máximo 20.000 euros
O importe máximo financiado por cada proxecto será de 12.500 euros
3. O aboamento realizarase nun único pagamento ao remate das actividades previstas no presente convenio contra a presentación por parte da FBGS da memoria científica detallada acreditativa da realización das actividades, da memoria económica abreviada comprensiva do desagregado dos pagamentos e dos gastos en que incorrerá a Fundación en execución do proxecto dende o 1 de xaneiro de 2019 até a súa finalización, e dos documentos xustificativos pertinentes. Estes documentos xustificativos consistirán en documentación orixinal ou copias compulsadas das facturas ou documentos que teñan valor probatorio equivalente e en xustificantes de pagamento dos gastos realizados pola Fundación soportados mediante certificado bancario ou documento que teñan valor probatorio equivalente.
4. A FBGS deberá adicarse ao desenvolvemento das actuacións recollidas no anexo II.

Non obstante, tratándose dunha previsión aceptaranse modificacións na distribución do gasto entre líñas que non supoñan minoracións en ningúna delas superiores ao 10% das previsións. Estas minoracións incrementarán as dotacións doutra líña.

A petición da Fundación e previo informe favorable da Comisión de Seguimento, a ACIS poderá autorizar modificacións na distribución de gasto entre líñas que supoñan minoracións en algúns das superiores ao 10% das previsións. Estas minoracións incrementarán as dotacións doutra líña.

5. A axuda concedida será compatible con calquera outra destinada ao mesmo fin, calquera




que sexa a súa natureza e a entidade que a conceda, sempre que, conxuntamente, non superen o custo da actividade subvencionada

6. A subcontratación das actividades subvencionadas regularase polo disposto nos artigos 27 da Lei 9/2007 e 43 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento do citado texto legal, respectando ao efecto o establecido no artigo 27.3 da Lei 9/2007, que establece que cando a actividade concertada con terceiros exceda do 20% do importe da subvención e o dito importe sexa superior a 60.000 €, a subcontratación estará sometida ao cumprimento dos seguintes requisitos:
 - Que o contrato se subscriba por escrito.
 - Que a súa subscrición a autorice previamente a entidade concedente da subvención por escrito
7. Estas axudas están dirixidas á realización de actividades de I+D+i de carácter non económico, por parte de organismos de investigación sen ánimo de lucro, e difusión dos resultados da actividade dos organismos de investigación subvencionados e a disposición de todos dun xeito indiscriminado, de modo que non se produce vantaxe económica para as entidades subvencionadas, e cumplen cos requisitos establecidos pola Comisión Europea no Marco Comunitario sobre Axudas Estatais de Investigación e Desenvolvemento e Innovación (DOUE C198, de 27 de xuño de 2014).

CUARTA.-COMPROMISOS, PUBLICIDADE E AUTORIZACIÓN

1. A FBGS comprométese a:

- a) Presentar previamente á sinatura do convenio:
 - 1) Certificación que acredite que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, en cumprimento do artigo 31.7 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.
 - 2) Declaración responsable de non estar incursa en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- b) Facerse cargo da xestión destinada á execución das actividades vinculadas aos grupos de investigación do Instituto de Investigación Sanitaria Galicia Sur incluídos no presente Convenio e conforme ás cláusulas do mesmo.



- c) Xestionar as solicitudes de proxectos segundo as fichas recollidas no anexo I.A e I.B para a súa presentación e aprobación na Comisión de Seguimento recollido na cláusula novena.
- d) Desenvolver as actividades seguindo as líñas de actuacións comúns así como as actividades concretas previstas a desenvolver ao longo do ano 2019 , con cargo a este programa PRIS3, que se detallan no anexo II.
- e) A FBGS comprométese a destinar os fondos do convenio ao cumprimento dos obxectivos establecidos e de acordo ao decálogo recollido no Anexo III.
- f) Pór a disposición dos profesionais dos grupos de investigación vinculados ao Instituto de Investigación Sanitaria Galicia Sur os equipos e servizos de apoio á investigación da súa titularidade para o desenvolvemento do proxecto do presente Convenio.
- g) Facilitar a actividade dos profesionais vinculados ao Instituto de Investigación Sanitaria Galicia Sur que traballan no proxecto incluído neste Convenio.
- h) Facerse cargo do seguimento, avaliación e control das actividades vinculadas á execución do presente Convenio.
- i) Proceder ao reintegro, total ou parcial, da subvención percibida no suposto de incumplimiento das condicións establecidas para a súa concesión.
- j) Subministrar toda a información necesaria para que ACIS poida dar cumprimento ás obrigas recollidas na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. No caso de que o beneficiario non atenda ao requerimento de información en prazo, procederase conforme ao establecido no artigo 4.4 do citado texto legal.
- k) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas respectivas funcións de fiscalización e control de destino das axudas concedidas e posibilitar a inspección e control dos órganos da ACIS co gallo de supervisar o cumprimento das actividades do contrato programa.
- l) Comunicar á ACIS a concesión de calquera outra subvención concedida para o mesmo fin tan pronto se teña coñecemento da mesma.
- m) No caso de cesión de datos cumplir as esixencias da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptándose tanto as medidas de seguridade técnicas como organizativas.



- n) Cumprimento do disposto no artigo 11 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.
- o) Facerse cargo da comunicación e a publicidade asociadas ao presente proxecto.

2. A FBGS dará consentimento expreso á ACIS para:


- a) O tratamento necesario dos datos relevantes deste contrato programa e a súa publicación na páxina web da Axencia e no Diario Oficial de Galicia, coas excepcións previstas no artigo 15.2º d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- b) Incluír e facer público, a través do Portal de Transparencia e Gobierno Aberto e nos rexistros regulados polo Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e sancións, os datos referidos ás axudas e subvencións recibidas ao abeiro do presente convenio.
- c) O cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, polo que a información relativa ao convenio requerida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicada á Base de datos nacional de subvencións (BDNS).

3. Pola súa parte, a ACIS comprométese a:

- a) Facerse cargo do orzamento necesario para a execución das actividades vinculadas ao Convenio conforme ás cláusulas do mesmo.
- b) Pór a disposición dos profesionais vinculados ao proxecto espazos e equipos da súa titularidade para o seu desenvolvemento.
- c) Asumir a preparación necesaria para a contratación das actividades vinculadas a empresas e organizacións externas no presente Convenio.
- d) Participar na execución e coordinación do proxecto a través dos facultativos e investigadores asociados a cada liña de investigación.
- e) Facilitar a actividade dos profesionais responsables do proxecto.

4. Os asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que o seus datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Gobierno Aberto.

5. A sinatura do convenio comportará a autorización ao órgano xestor para consultar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia segundo o establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Non obstante, a



entidade beneficiaria poderá opoñerse a súa consulta polo órgano xestor, e nese caso deberá presentar as certificacións nos termos previstos regulamentariamente.

O desenvolvemento destas actividades contribuirá á valorización dos resultados do proxecto colaborativo, en mutuo beneficio das partes asinantes en función da súa participación na propiedade de ditos resultados do proxecto.


QUINTA.-GASTOS SUBVENCIONABLES

1. De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada de acordo co recollido no anexo II e que se realicen no período que se indica na cláusula sexta do convenio. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.
2. En ningún caso se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda. O imposto sobre o valor engadido (IVE) poderase considerar gasto subvencionable cando a Fundación acredeite mediante a correspondente certificación que se encontra acollida ao réxime de exención do IVE.

SEXTA.-XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN


1. Para ter dereito ao pagamento da axuda, a FBGS en canto entidade beneficiaria deberá entregar a seguinte documentación:

- a) Memoria final explicativa das actividades desenvolvidas e dos obxectivos acadados segundo o recollido no Programa PRIS3 do anexo II.
- b) Un resumo da execución da subvención (modelo 1. Anexo IV) asinado polo xerente ou director da Fundación, no que conste o concepto subvencionable, o provedor, o importe (co IVE detallado) e a data de cada un dos xustificantes, agrupados por conceptos de gastos.
- c) Documentación acreditativa de realización dos restantes gastos, que consistirá en orixinais ou copias compulsadas da documentación acreditativa dos investimentos ou actuacións consistentes en facturas dos provedores ou documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou eficacia administrativa, segundo o establecido no artigo 28.3 da Lei 9/2007 e no artigo 48 do



Decreto 11/2009. As facturas deberán conter suficiente información de detalle que permita relacionala co gasto xustificado. En aqueles casos nos que a devandita información non sexa suficiente, haberá de aclarar o gasto realizado por outros medios.

- d) Documentación acreditativa de realización dos pagamentos, que consistirá en orixinal ou copia compulsada da documentación bancaria dos pagamentos. Presentarase xunto a cada documento de gasto o seu correspondente documento de pagamento ou o extracto bancario onde figure o cargo correspondente. Non se admitirán os pagamentos en efectivo. Os xustificantes bancarios de pagamento deben coincidir exactamente co importe da factura, IVE incluído. No caso de que o importe reflectido no documento bancario non coincida co importe do documento de gasto (pagamento agrupado), deberase remitir o detalle dos pagamentos efectuados xunto cos documentos de gasto, onde se poida identificar o gasto en cuestión.
- e) No caso de imputación de gastos correntes xustifíquense cunha memoria detallada das imputacións do mesmo ás actividades do convenio. A memoria irá acompañada dunha certificación asinada polo director da entidade e das correspondentes facturas ou documentos de valor probatorio equivalente.
- f) No suposto de que o importe do IVE supoña un custo real soportado polo beneficiario poderá ser considerado un gasto subvencionable. Neste caso deberase presentar un certificado relativo á situación do beneficiario con respecto ao IVE. No caso de que o réxime do IVE sexa a pro rata, o gasto subvencionable calcularase en base a pro rata definitiva do último exercicio pechado antes da concesión da axuda, sendo responsabilidade do beneficiario realizar os axustes correspondentes na liquidación das obrigas fiscais.
- g) Tres ofertas de diferentes provedores cando o importe do gasto subvencionable, no caso de adquisición de bens de equipo e contratación de servizos ou subministracións e materiais, supere as contías establecidas para o contrato menor no global do proxecto cun mesmo provedor. Cando polas especiais características dos gastos non exista no mercado suficiente número de entidades que os presten ou subministren, deberá achegarse unha xustificación de tal circunstancia. Se a elección entre as ofertas presentadas non tivese recaído na proposta económica





máis vantaxosa, deberá achegarse unha memoria xustificativa.

Non obstante, no caso de que as entidades beneficiarias reúnan os requisitos previstos na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público para ter a consideración de poder adxudicador deberán someterse á disciplina de contratación pública nos termos previstos no devandito texto legal.

- h) Declaración responsable do solicitante de todas as solicitudes efectuadas e concedidas para o mesmo fin por outras administracións ou entes públicos ou privados (modelo 2. Anexo IV).
 - i) Carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados, así como os xuros derivados destes, conforme ao establecido no artigo 48.2.g) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
2. Os beneficiarios deberán presentar a documentación en soporte papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Así mesmo, os documentos de resumo da execución da subvención (Modelo 1. Anexo IV) e de declaración responsable de outras axudas (Modelo 2. Anexo IV), deberán enviarse tamén en formato electrónico (.xls, .xlsx, .org, .calc ou similar) ao enderezo electrónico estion.acis@sergas.gal.
 3. Se a entidade beneficiaria non xustifica o importe total das actuacións desenvolvidas e/ou non acada os obxectivos recollidos no Programa PRIS3, a ACIS minorará a súa achega proporcionalmente, sempre e cando se acadara o obxecto do presente convenio. Así mesmo, si a entidade beneficiaria presenta unha xustificación de gastos inferior ao anticipo percibido deberán acompañar á documentación presentada o xustificador de ingreso na conta da Comunidade Autónoma do importe percibido e non xustificado, sen prexuízo de que se lles poida ser esixida a devolución doutras contías anticipadas unha vez aprobada a xustificación polo órgano competente.

SÉTIMA.-PERÍODO DE REALIZACIÓN DOS GASTOS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN DA AXUDA

1. Admitiranse os custos realizados e efectivamente pagados dende o 1 de xaneiro de 2019 ata a data límite de xustificación.
2. Prazo de xustificación da axuda:
 - a) A xustificación do importe total da subvención concedida terá como data límite de presentación:



- o 15 de decembro de 2019.
- b) Transcorridos os prazos indicados sen que o beneficiario presentase a documentación solicitada, requirirse para que a presente no prazo improrrogable de dez días. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, a esixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste parágrafo non eximirá o beneficiario das sancións que, conforme a lei, correspondan.
- c) Recibida a documentación xustificativa da subvención, a ACIS, antes de proceder ao seu pagamento, poderá solicitar as aclaracións ou informes que considere oportunos a través do endereço electrónico xestion.acis@sergas.gal, ao cal deberán dirixirse as respostas no prazo de dez días hábiles. No caso contrario solicitarase a documentación necesaria de acordo co establecido no parágrafo anterior.

OITAVA.-CONDICIÓN DE PAGAMENTO

Conforme ao estipulado no artigo 60 e 62 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ACIS, efectuará o pagamento anualmente do importe estipulado no convenio, previa comprobación da realización do obxecto do convenio e validada a documentación xustificativa presentada na ACIS.

NOVENA.-COMISIÓN DE SEGUIMENTO

1. Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio créase unha comisión de seguimento composta por dous representantes da ACIS e dous representantes da FBGS.
2. Son funcións desta comisión de seguimento:
 - Velar polo cumprimento das accións do Programa PRIS3 (anexo II).
 - O seguimento do desenvolvemento e aplicación do presente Convenio e das actividades realizadas, así como a adopción de decisións sobre os mesmos.
 - A coordinación das accións de apoio á protección, valorización e transferencia, e o desenvolvemento dos medios adecuados para a súa implementación, de ser preciso.




- A resolución daquelas dúbidas que puideren xurdir no cumprimento, execución ou interpretación deste Convenio.
 - A determinación e aprobación da distribución dos resultados da investigación, o desenvolvemento e a innovación.
